

Oferta de traballo: Contrato investigador

O grupo de investigación SiDOR (Statistical Inference, Decision and Operations Research, <http://sidor.uvigo.es>) da Universidade de Vigo ofrece un **contrato investigador**. O candidato deberá desenvolver unha liña de investigación na área da Estatística e Investigación Operativa, preferiblemente algunha das liñas estratéxicas do grupo SiDOR (estatística non paramétrica e semiparamétrica, análise de supervivencia e fiabilidade, bioinformática, teoría de xogos, modelos da investigación operativa, teoría da decisión) coa aportación de novos modelos e/ou métodos, o estudo das súas propiedades teóricas e a creación de software con aplicación a distintos eidos (economía, biomedicina, saúde, enxeñaría, finanzas, bioloxía ou medioambiente). Candidatos con outras liñas de investigación da área son tamén ben recibidos co ánimo de aumentar as capacidades do grupo.

Requisitos:

- Doutoramento en Estatística, Teoría de Xogos ou Investigación Operativa ou, para non doutores, formación específica (licenciatura, máster etc.) da área de Estatística e Investigación Operativa.
- Ampla experiencia investigadora avalada por publicacións relevantes a nivel internacional en revistas da área ou, para non doutores, bo expediente académico.
- Coñecementos avanzados de programación.
- Manexo avanzado de software estatístico.

Criterios de valoración:

- Curriculum vitae. Expediente académico do grao/licenciatura/máster.
- Experiencia investigadora acreditada (publicacións en revistas da área). Capacidade de abordar novas liñas de investigación.
- Coñecementos de programación avanzada e manexo de software estatístico.
- Cartas de recomendación. Entrevista persoal.

Descrición do traballo:

- Salario bruto: 2000 euros/mes ou, para non doutores, 1250 euros/mes.
- Xornada de traballo semanal: 37.5 horas/semana.
- Duración do contrato: **21 meses prorrogables**.
- Centro de traballo: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus Universitario As Lagoas-Marcosende (Vigo).

Presentación de solicitudes e prazo:

- Mediante correo electrónico dirixido a sidor@uvigo.es con tema: Praza Investigación SiDOR.
- Achegar CV con teléfono de contacto, e documentación acreditativa dos méritos. Se poderán achegar cartas de recomendación.
- Prazo: **ata as 14:00 horas do 20 de decembro de 2017**.

Entrevistas persoais e resolución:

- Os candidatos preseleccionados serán convocados a unha entrevista persoal. Non se manterá correspondencia co resto dos solicitantes.
- Data estimada de resolución para a provisión da praza: 9 de xaneiro de 2018.
- Data prevista de inicio do contrato: 1 de febreiro de 2018.